



I DUATLÓN ESCOLAR CONCELLO DE OUTES

28 DE ABRIL

REGULAMENTO E RUTÓMETRO



1. NOME DA PROBA
 - DUATLÓN ESCOLAR CONCELLO DE OUTES

2. PATROCINA E PROMOVE
 - XUNTA DE GALICIA
 - SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

3. ORGANIZA
 - ESCOLA PIRAGÜISMO E TRIATLÓN OUTES
escuelapiraguismooutes@gmail.com
 - 636784489 – ALFONSO OREIRO GONZÁLEZ

 - FEDERACION GALEGA DE TRIATLON E PENTATLON MODERNO
fegatri@hotmail.com

4. COLABORA
 - ESCOLA PIRAGÜISMO E TRIATLÓN OUTES
 - CONCELLO DE OUTES
 - PROTECCIÓN CIVIL DE OUTES

5. PARTICIPANTES

PROBA ESCOLAR

Só poderán participar deportistas das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete (feminina e masculina), inscritos e inscritas na actividade de Dúatlón Escolar da provincia de A Coruña, clasificadas a través das probas realizadas previamente en Cedeira ou Santiago. <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2023/11/CLASIFICADOS-FP.xlsx>



6. HORARIO:

ACTO	LUGAR	HORA
RECOLLIDA DE DORSAIS	PISCINA DE OUTES	09:00
REUNIÓN TÉCNICA	PISCINA DE OUTES	09:00
PRIMEIRA SAIDA	PARKING PISCINA	10:00
ÚLTIMA CHEGADA	PARKING PISCINA	12:30

7. SAIDAS

CATEGORÍA (NACEMENTO)	CONTROL DE MATERIAL	HORA DE SAIDA
CADETE M (2010 e 2009)	09:15 / 09:50	10:00
CADETE F (2010 e 2009)	09:15 / 09:50	10:00
INFANTIL M (2012 e 2011)	09:15 / 10:30	10:40
INFANTIL F (2012 e 2011)	09:15 / 10:30	11:10
ALEVIN M (2014 e 2013)	09:15 / 11:30	11:40
ALEVIN F (2014 e 2013)	09:15 / 11:30	12:00
BENXAMIN M (2016 e 2015)	11:00 / 12:20	12:30
BENXAMIN F (2016 e 2015)	11:00 / 12:20	12:30

8. DISTANCIAS

CATEGORÍA	1ª CARREIRA	BICICLETA	2ª CARREIRA
CADETE	1.800 (1 VOLTA)	6.800 (4 VOLTAS)	800 (1 VOLTA)
INFANTIL	1.100 (1 VOLTA)	5.100 (3 VOLTAS)	600 (1 VOLTA)
ALEVÍN	800 (1 VOLTA)	3.400 (2 VOLTAS)	400 (1 VOLTA)
BENXAMÍN	400 (1 VOLTA)	1.700 (1 VOLTA)	200 (1 VOLTA)

9. ENTREGA DE TROFEOS:

TODAS AS CATEGORÍAS A PARTIR DAS 13:00 HORAS.

10. ZONAS COMÚNS.


PARKING RECOMENDADO E ZONAS COMUNS

Recomendase o acceso polas Rúa da Capela ou Rúa Poeta Añón.



CIRCUITO CADETE

1ª CARREIRA A PE – 1 VOLTA CON BUCLE – 1800m



BICICLETA – 4 VOLTAS – 6800m




2ª CARREIRA A PE – 1 VOLTA – 800m



CIRCUITO INFANTÍL


1ª CARREIRA A PE – 1 VOLTA – 1100m



BICICLETA – 3 VOLTAS – 5100m




2ª CARREIRA A PE – 1 VOLTA – 600m





CIRCUITO ALEVÍN

1ª CARREIRA A PE – 1 VOLTA – 800m



BICICLETA – 2 VOLTAS – 3400m



2ª CARREIRA A PE – 1 VOLTA – 400m



CIRCUITO BENXAMÍN


1ª CARREIRA A PE – 1 VOLTA – 400m



BICICLETA – 1 VOLTA – 1700m



2ª CARREIRA A PE – 1 VOLTA – 200m





11. PREMIOS:

Medallas/Trofeo a cargo da Secretaría Xeral para o Deporte para os tres primeiros e primeiras da clasificación individual e por equipos de cada categoría e sexo.

12. ENTREGA DE TROFEOS:

A entrega de trofeos realizarase nas instalación da piscina municipal de Outes a partir das 13:00h para todas as categorías

13. NORMAS DE COMPETICIÓN:

A proba rexerese segundo as normativas vixentes do [Regulamento de Actividade deportiva en idade escolar](#) que edita a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e as normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Tríatlon e P.M. e da Federación Española de Tríatlon. <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

14. INSCRICIÓN:

Inscripción gratuíta. (Só deportistas clasificados nas fases previas, da actividade deportiva escolar de dúatlon, do programa Xogade da provincia de A Coruña).

Ata o martes 23 de abril de 2024. Enviar folia de inscrición (excell anexo) ao correo electrónico: fegatri@hotmail.com con copia a deportes.coruna@xunta.gal **ata as 14:00 horas**.

15. CRONOMETRAXE:

Haberá cronometraxe con chip, farase entrega co dorsal, os cales serán devoltos integramente ao finalizar a carreira.

16. NORMAS DE COMPETICIÓN:

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do programa XOGADE para a especialidade de Dúatlon e o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

As nenas e nenos deberán identificarse con documento oficial con foto. Para as categorías benxamín e alevín, estarán permitidos os minifreos nas bicicletas, unha vez que se revise que a súa colocación non infrinxe a seguridade para deportistas e resto de participantes. A bicicleta de montaña está permitida pero os guiadores deberán ir correctamente taponados. Non se poderán levar engadidos na bicicleta (cestas, patas de cabra,...)

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía Local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; no obstante todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria.



Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertencen a organización non poderán transitar polos circuitos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

17. AMBULANCIA E MÉDICO:

A ambulancia asistencial e o médico estarán situados no lateral da piscina municipal de Outes dirixíndose en caso de saída cara a estrada de Boel.

Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido de ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre duatletas, polo que estes lle deberán ceder o paso.

18. SEGURO DE ACCIDENTE:

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade <https://inscripcion-xogade.xunta.gal/> . Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á póliza do seguro é aberto e os clubs e entidades escolares teñen acceso ás certificacións de accidente. Lembrar que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidentes deportivos XOGADE e seguir o mesmo.

19. RECLAMACIÓN E APELACIÓN:

Segundo o regulamento oficial de competición anexo FEGATRI.

20. CIVISMO E RESPECTO:

Os/as participantes a través dos seus responsables, aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese honestamente a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta. Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométese tamén a tratar o material deportivo propio e alieo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os/as xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación de acordo ao regulamento deportivo. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

21. NOTA:

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente a interesados/as, calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do mesmo en coordinación co Servizo de Deportes de A Coruña.